

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 27 MAR. 2023
ata a día 20 ABR. 2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA



Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A MANTEMENTO INDUSTRIAL, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IC) - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada técnico/a mantemento industrial, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre.

As bases xerais, convocatoria e bases específicas publícanse, para cumprimento do sinalado na base xeral 3, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, e na páxina web da Deputación de Lugo no apartado emprego público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 21.10.2022, publicándose extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 216, do 14.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 279, do 21.11.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 01.12.2022, e para cumprimento do establecido nos puntos 6,7 e 9 das bases xerais, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas que á continuación se relaciona:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	RODRÍGUEZ LÓPEZ, JOSÉ LUIS	***2524**
2	SORDO LÓPEZ, ALBERTO	***4807**
3	VIÑAS MAYO, RUBÉN	***9158**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Don Eduardo Lamas Herrero, profesor de ensino secundario na especialidade de organización e proxectos de sistemas enerxéticos no CIFP Universidade Laboral de Culleredo. Titulación académica: Enxeñeiro Industrial – especialidade enerxética.

Suplente: Don Miguel Ángel Rodríguez Sanmartín, profesor de ensino secundario na especialidade de organización e proxectos de sistemas enerxéticos no CIFP Universidade Laboral de Culleredo. Titulación académica: Licenciado en ciencias físicas – especialidade electrónica.

Titular: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral – axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo

Suplente: Don José Antonio Arias Lombardero, xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Marta Herbón Meilán, enxeñeira técnica de obras públicas no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Fernández Parajes, xefe da Sección de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

SECRETARIA/O:

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

3º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o mércores día 3 de maio de 2023, ás 9 horas, no Salón Verde da Deputación de Lugo para a súa constitución.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 22 de marzo de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0861